

«Queremos esquecer que en Galicia houbo fame, que a xente emigrou»

[Héctor J. Porto](#) Redacción / La Voz [Cultura](#)

Marilar Aleixandre e Xesús Fraga, os dous últimos escritores recoñecidos co Premio Nacional de Narrativa, coinciden nunha defensa férrea do valor da memoria, que debe servir, din, para vindicar o peso que «o sacrificio e a visión dos que marcharon» tivo na transformación do país

16 febreiro 2023

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2022/11/13/queremos-esquecer-galicia-houbo-fame-xente-emigrou/0003_202211G13P38991.htm

«Sen memoria estamos incompletos. Pero lembrar é algo que ás veces suscita críticas, e percibes rexeitamento cando falas de cousas do pasado que non son bonitas. As experiencias que enfrontan tanto a novela de Xesús Fraga como a miña son moi duras. E queremos esquecer que en Galicia houbo pobreza, fame, que a xente tivo que emigrar, que houbo cárceres, que as mulleres morrían porque tiñan que abortar clandestinamente... Isto varríase debaixo da alfombra». Defende así a escritora galega Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) a necesidade de recordar: «Hai que mirar cara atrás para poder saber quen somos, de onde vimos, e explicar o noso presente». E ese exercicio de indagación é o que pon en marcha en *As malas mulleres* (Galaxia, 2021), novela na que rescata o penal coruñés de mulleres da Galera e coa que vén de gañar o Premio Nacional de Narrativa, cobizado trono no que releva a outro galego, o xornalista de La Voz de Galicia e narrador Xesús Fraga (Londres, 1971), e a súa novela autobiográfica *Virtudes (e misterios)* (Galaxia, 2020), na que fai outro tanto ao reconstruír a historia da súa avoa na emigración.

Reunidos ambos os dous no Museo Santiago Rey Fernández-Latorre, analizan un recoñecemento que vén de fóra -que se suma ao que acadaran tamén de maneira sucesiva co Blanco Amor- e achega unha desexable visibilidade ás súas obras, vinculadas tamén pola súa tradución ao castelán no selo aragonés Xordica (a de Aleixandre chegará ás librarías nunhas semanas).

A pobreza, a fame, a falta de instrución... Volve sobre o pasado Fraga, que anota que na casa onde vivían nos 50 a súa nai e as súas tías a cociña era de leña e ían por auga á fonte coa sella. A maiores, razoa, lastraba a falta de expectativas. «Ti estás nesa clase social e xa dende dentro interprétase que non hai forma de saír de aí, como unha condena. As miñas curmás e mais eu fomos os primeiros universitarios da familia, non porque os anteriores fosen máis parvos, ou nós máis listos, é que a eles nin se lles pasaba pola cabeza pensar que alguén da familia estudase:

eles sabían que o seu papel era traballar no que puidesen e traer á casa un aporte económico, non había opción». Por se fose pouco, a emigración foi o medio que a súa avoa tivo para superar o estigma de muller abandonada polo home, porque «iso era unha tacha como o era a das nais solteiras, ás que marchar lles permitiu empezar de novo e sacar adiante aos seus con dignidade e con cartos».

O esforzo da avoa permitiulle á súa filla Isabel -nai do escritor- acceder a unha cultura e unha educación imposibles na España daquel momento. «Creo que no relato da emigración debemos recalibrar, repensar a idea de éxito: ata o de agora o éxito é o indiano o rico, o que pode gabarse de ter unha gran casa, esa imaxe que satirizou moi ben Castelao. Que unha muller con todo en contra saque adiante co seu traballo a súa familia, consiga que as súas fillas non padezan escaseza material e poidan estudar e que os seus netos vaian á universidade... Iso para min é unha historia de éxito», corrobora Fraga, que entende que a firmeza dese propósito ten outras consecuencias: «É que ademais explica que agora vivamos no país que vivimos, que parece que todo isto apareceu da nada, que agora somos europeos e somos modernos... Pero todo iso débese ao traballo, o sacrificio e a visión que tiveron esas xeracións que marcharon, que asumían que non podían saír da súa clase social pero que igual a seguinte xeración si podería. É importante que se escriba sobre iso».

Si, si, terza Aleixandre, que rexeita a posición dos que se empeñan en que calquera tempo pasado foi mellor. «Meu home é de Toba, en Cee, e alí houbo luz no ano 62 na casa do médico, onde os nenos tiñan frieiras, e non estamos a falar do fogar máis pobre do lugar. Á xente cústalle recoñecelo. Pois claro, demos estes pasos e chegamos ata aquí, e non hai por que avergoñarse», subliña. Porque daquela a xente emigraba igual que agora veñen de América Latina ou África, non porque dixesen vou experimentar a aventura londiniense. Era só porque aquí non atopaban condicións para traballar e prosperar.

Mulleres resistentes

Enxálzase moito o empoderamento destas mulleres, pero Marilar Aleixandre prefere falar de resistencia e de algo que é unha conquista lenta pero preciosa: o acceso ao coñecemento facilitado por outra xente. «No caso da novela de Xesús, encárnao Isabel, a súa nai, que quere ser mestra, que quere estudar pese as dificultades coas que choca. A avoa de Xesús vía o coñecemento para ela como un luxo que non se podía permitir, pero si que porfiaba en facilitarllo ás fillas. No caso de *As malas mulleres* é Paquita que lle ensina a ler a Sisca. Hai unha frase de Concepción Arenal que teño en moitas ocasións como leitmotiv: “Todas as cousas son imposibles mentres o parecen”. Debemos imaxinar esas cousas ao noso alcance». E concorda Fraga nesa cabal urxencia de optimismo: «Aí está o verso de Novoneyra: “Chove pra que eu soñe”».

A emigración foi unha sangría para o país pero tamén trouxo cousa boa, e hai que pensar en positivo, insta Aleixandre. «Moitas escolas en Galicia foron pagadas por indianos, por non falar do himno, a bandeira, a edición dos libros de Rosalía, Castelao... E, por suposto, iso que di Xesús no ámbito familiar da mellora das condicións de vida e a instrución».

Hai que reivindicar o rol do coñecemento. Por iso, insiste, deplora esa «moda frívola» que medra entre certos sectores de dicir que a escola é unha merda, a universidade non vale para nada, estudar non serve... Moitas veces isto vén de xente que pode facelo, que estudou na universidade, pero, advirte, «estase desprezando todo o que se construíu con tanto sacrificio», non só o duns pais que non estudaron e que fixeron un esforzo tremendo para que os seus fillos fosen á universidade, para moitos unha oportunidade crucial de ascenso social. «Haberá moito

que cambiar, repensar, corrixir, pero todo o que é a escola e o ensino públicos é un grande avance, irrenunciable, como o da sanidade. Abrolla aquí unha especie de tradición hipercrítica que é destrutiva. E incomódame máis aínda ver esta actitude en mulleres, cando ás mulleres lles foi negado durante tantos séculos o dereito ao coñecemento: é que non puideron estudar na universidade ata 1910 e non foi ata os tempos en que Emilia Pardo Bazán colaboraba co ministerio que se incorporaron por primeira vez aos institutos de secundaria sen necesidade dun permiso especial. Precisan toda a súa dedicación para ser boas esposas e nais, se estudan, esa actividade intelectual vailles comer as enerxías, dicíase. E Maraño, nos anos 40, que non era o máis reaccionario, conviña en que si, si, que estuden secundaria, pero para outras cousas como a investigación, avisaba, non teñen capacidade creadora, o seu sistema nervioso é distinto, non se ve pero está no máis íntimo».

De aí a relevancia da memoria, hai que salvagardar as conquistas sociais de toda ameaza. Nunha liña semellante, incide no papel clave que tivo a tan deostada Transición -«que eu tamén cuestiono cando cómpre»- na consolidación do galego cando se lle deu a protección de lingua cooficial como ao catalán e o éuscaro. «É grazas á entrada no ensino que a lingua está viva, non hai máis que ver o que lles ocorreu a outras que desapareceron como auvernés en Francia ou o romagnolo na zona de Cesena en Italia. Sabemos que hoxe a xente sae do instituto competente nas dúas linguas, o castelán e o galego; agora só temos que conseguir que o galego se fale máis», argúe a autora madrileña, que cre que a posición hexemónica do castelán restrinxe o uso do galego.

Competir co castelán

Faría falta tecer un sistema máis sólido, detalla, e aí hai unha cota institucional de responsabilidade. «Vendo a lingua coa que competimos, unha potencia extraordinaria, con case 500 millóns de falantes, para que o galego subsista e se manteña fan falta accións decididas». Sen recorrer a alarmismos, aduce, as estatísticas son nidias e sinalan unha situación de risco, onde «a transmisión interxeracional da lingua está fallando, os pais non lle falan galego aos fillos e cando o fan pérdese moitas veces no colexio ou no contorno social, no círculo de amizades adolescentes».

As motivacións hai que buscalas, incide, en como operan as xerarquías de poder na cabeza das persoas. Víctor F. Freixanes -relata Aleixandre- di sempre que fai falta un consenso moi amplo e transversal e que só isto procurará unha muda da percepción e a mentalidade da xente e acabará con esa idea que asocia o falar galego con tal partido político ou tal outro: «Aínda recoñecendo que hai partidos que defenderon máis o galego, a lingua non pode ser patrimonio duns, senón de todos. Nese labor é necesario que se implique moito máis o Goberno autónomo».

O galego, razoa, non se pode tratar como o inglés. «Como non se van dar en galego as ciencias naturais? O rapaz ten que saber que a árbore que lle ensina nunha corredoira a súa avoa como salgueiro é un salgueiro e non o sauce que lle dicían antes na escola. Isto parecía que estaba certo, pero agora métese polo medio o inglés. Eu non teño nada en contra de que se aprenda inglés, pero o tratamento do galego ten que ser diferente. É tamén clave que a xente entenda que ningunha lingua vai contra outra. Eu falo cinco, ningunha lle quita sitio á outra, ao revés, unhas axudan a falar outras. Hai que poñer fin a esas cousas tan absurdas que se escoitan como que o rapaz o que ten que facer é aprender inglés, que está moi ben pero non lle impide coñecer outras».

Hai unha viñeta de Xaquín Marín, recorda Fraga, que resume a situación de incredulidade que lle inspira o que acontece coa lingua: «Amosa unha señora falándolle a un señor: “Los paisajes son muy bonitos y se come muy bien, pero todavía hay mucha gente que habla gallego”. Gústanche o ribeiro, as nécoras, quedas extasiado coas Cíes, pero logo vas e dis: “A mí en gallego no me hables que no te entiendo”. Pero se é unha lingua romance entendible cunha mínima vontade. Por que hai ese prexuízo coa lingua cando non o hai con outras manifestacións propias de Galicia? Sendo a lingua -subliña o autor betanceiro- a creación cultural máis sofisticada e perfecta á que pode chegar unha comunidade. E o peor é que ese talante dáse tamén aquí, que a señora da viñeta ao mellor non vén de fóra».

Facer pedagogía

O que vale para a lingua vale para a literatura, referenda. Co gallo do premio nacional, Fraga tivo que saír ao mundo co seu libro escrito en galego e viuse na obriga de facer pedagogía. «Tiven que explicar de onde vimos e que escribimos con toda naturalidade e sen ningún tipo de esencialismo nin posición dogmática no que consideramos a nosa lingua literaria, e aínda así atopas prexuízos, incompreensión ou indiferenza», lamenta.

Ata escoitou con certa frecuencia -e non só fóra-: “Pero ti, escribindo en galego, non te estás limitando?”. Dáballe gana de replicar: «Gustaríache preguntar, por poñer o caso, a alguén de Islandia, que os islandeses caben todos na cidade de Vigo, por que escribe en islandés, porque el sorprenderíase: “Vaites, se é o idioma das sagas viquingas”. Pois, coma el, nós tamén poderíamos dicir que o galego é o idioma das cantigas de amigo e de Rosalía e de Cunqueiro e de moitas outras manifestacións que forman parte da nosa rica tradición».

É obvio, converxen ambos os dous amigos, que cómpre ampliar a base lectora, a interior e a exterior. Sen xente que lea non ten sentido nada do que un escritor faga. Se prioritario é que medre aquí o hábito lector, cara a fóra é primordial saír e tratar en pé de igualdade cos demais mercados e literaturas, sosteñen. «Hai quen di que Galicia está nun recuncho, na fin da terra, e non é certo -obxecta Fraga-. Temos un sistema literario cunha lingua na que se leva escribindo mil anos, unha tradición que arrinca na Idade Media e que deu fitos universais, temos unha relación de proximidade con outros dous sistemas lingüísticos, o castelán e o portugués, que nos permitirían dialogar con moitísima máis xente; as relacións históricas con Cataluña e o País Vasco; as conexións do arco atlántico e as nacións celtas; toda a diáspora e a proxección da emigración; o Camiño de Santiago... Como di Manuel Rivas, temos a leira colocada nunha orientación caralluda, soleada, iluminada, aireada, unha plataforma perfecta para chegar a todas partes. Pero non nos acabamos de crer que podemos facer ese labor, tratando bilateralmente con todas as demais linguas sen ter que pasar por que te traduzan ao castelán primeiro para de aí pasar ao inglés ou ao alemán. Precisamos unha estratexia que permita prescindir de intermediarios. Iso de que estamos na Fisterra é moi relativo, Inditex xorde aquí e creo que non hai unha empresa máis global».

Marilar Aleixandre bota de menos «unhas axudas á tradución que a Xunta desmantelou», ao que Fraga engade: «E facer máis diplomacia cultural, máis poder brando, temos moitísimas armas que xogar. A literatura forma parte dun todo, dunha paisaxe, dunha cultura, dunha lingua, dunha música, dunha gastronomía, dunha forma de vestir, de entender o mundo, dos rituais de vida e de morte...».

Fraga asegura que o sistema literario quere visibilidade e todo o que contribúa a que se vexa o que se escribe aquí ten que sumar. Pero, ás veces, alega, parece que cando alguén quere facer un acto a prol da literatura galega o primeiro que pensa é nun premio. «Ao mellor cumpriría ir explorando outro tipo de vías que puidesen ser igualmente beneficiosas para a literatura sen ter que pasar por ese lugar común do premio. Non quero que se interprete isto como un desprezo ás iniciativas da xente, porque moitas fanse con ilusión e cariño, pero as repercusións prácticas que teñen son poucas. E é que temos moitísimos premios sen dotación económica (ou simbólica). Está ben que alguén che dea unha palmada e diga “pois escribes moi ben”, pero se iso non se traduce en chegar a máis xente, que os teus libros se coñezan e que sustente a túa actividade literaria, o premio está fallando no obxectivo. Só hai que mirar cantas persoas se dedican profesionalmente á literatura en Galicia, como autores, como creadores, e sóbrannos os dedos dunha man».